

PEZA DO MES

setembro

2001



GUADAMECÍ

Coiro estampado e policromado
72,5 x 59,5 cm
Finais do século XVII- século XVIII
Procedencia descoñecida
Fondos da Comisión de Monumentos
Nº Rº 648

FRAGMENTO DE GUADAMECÍ DE ESTILO BARROCO E CLARO SENTIDO ORNAMENTAL, CUNHA MESTA DECORACIÓN DE FLORES E FOLLAXES POLICROMADAS QUE DESTACAN SOBRE O RICO FONDO DOURADO.





JAN BRUEGHEL EL VIEJO, *el gusto*, 1618. MUSEO NACIONAL DEL PRADO. ESTANCIA DECORADA CON GUADAMECÍES.

GUADAMECÍ

A industria do coiro tivo en España desde a Idade Media unha relevancia especial, constituíndo unha das constantes na produción de enxovais domésticos ata practicamente o século XX. Non en van, España foi o país introdutor desta arte, de tradición netamente árabe, no continente europeo e aínda que o seu uso se espallou por todo o mundo occidental, os coiros españois foron moi estimados e durante moito tempo considerados os de maior calidade, estendéndose o seu comercio non só por Europa senón tamén por América.

Dentro do traballo do coiro decorativo convén distinguir entre cordobán e guadamecí. O cordobán utiliza como materia prima a pel de cabra que unha vez curtida con zumaque resulta de grande resistencia e flexibilidade, utilizándose, daquela, para pezas de carácter utilitario como asentos, arcas e arquetas, así como para zapatos e outros obxectos de moito uso. O termo cordobán deriva do nome da cidade de Córdoba, que foi o primeiro e principal centro de produción dende a época musulmana.

O guadamecí ou guadamacil é a badana ou pel de cordeiro curtida sobre a que se desenvolve unha técnica decorativa especial. Consiste esta na aplicación dunha lámina de prata, que unha vez bruñida recibe un verniz amarelo ou

corladura que produce o efecto brillante do ouro, sobre a que se labra con relevos e se pinta con cores ó óleo. A diferenza do cordobán, o guadamecí é unha pel máis fina e o seu uso é máis decorativo ou suntuario que propiamente utilitario, empregándose principalmente para obxectos considerados de luxo como revestimentos murais, cortinas, tapetes, almofadas, coxíns, alfombras, frontais de altar, retablos, etc.

Para a maioría de autores, a denominación de guadamecí procede da cidade libia de Ghadamés, onde parece que sería feito por primeira vez. Outros fan derivar o termo da palabra árabe Wad'almasir que significa coiro traballado e decorado, e non falta quen o considera como un labor xenuinamente español. En calquera caso, tamén nesta arte é a cidade de Córdoba a que terá a primacía como centro produtor e difusor.

En ámbolos dous traballos, e logo dun longo proceso de preparación das peles, utilízanse diversas técnicas decorativas, case sempre aplicadas sobre o coiro aínda húmido, ben sexa polo anverso da peza ou polo reverso, sendo as máis habituais o gravado, o repuxado, o modelado ou rebaixado, o ferreteado – moi utilizado na encadernación– e máis tarde o estampado.

É curioso constatar, segundo recolle Ferrandis, a diferente estimación social que reciben os artífices que se dedican a un e outro traballo. Así mentres ós curtidores de cordobáns era considerados de baixa condición social e mesmo eran illados nos arrabaldes extremos da

cidade, os guadamacileros, que compraban as peles xa curtidas, eran tidos por artistas.

Malia todo, é frecuente que na documentación apareza unha certa confusión terminolóxica entre cordobáns e guadamecíes alomenos ata o século XVI, século no que ó se constituíren as confrarías e irmandades se regulariza unha produción que ata ese momento se facía sen ningún tipo de vixilancia gremial. Desde aquel momento comezarán a promulgarse as diferentes Ordenanzas nas cidades produtoras, sendo a primeira delas a feita polos Reis Católicos en Toledo con data de 17 de xuño de 1502. Nelas maniféstase o desexo de regulamentar esta industria artística co fin de evitaren fraudes e estimularen unha maior perfección técnica, prestixiando a súa fabricación.

Os máis importantes centros produtores foron as cidades andaluzas de Córdoba, Sevilla, e Granada e xunto a elas Toledo, Valladolid –que conserva na actualidade a denominación de Guadamacileros nunha das súas rúas- Valencia e Barcelona, núcleos que acadarán a súa plenitude no século XVI. O principal de entre todos eles é, como xa vimos, o de Córdoba que marcaba os seus coiros co escudo da cidade, e que gozaba dos produtos máis valorados e cobizados para a exportación. Pola súa parte, a cidade de Madrid atinxirá o seu apoxeo no primeiro terzo do século XVII.

Se a produción de coiros decorados se limitaba a unha serie de cidades concretas, o seu comercio debeu ser práctica habitual en tódalas cidades españolas; Olga Gallego recolle como en Ourense, na tenda do mercador Pedro Cotán, entre outros moitos obxectos, véndense guadamecíes e cordobáns, segundo se desprende do inventario feito en 1575.

A consideración do guadamecí como obxecto de luxo, pola súa extraordinaria riqueza aparente, e a grande estima en que se tiñan as pezas feitas con esta técnica queda así mesmo ben patente nas numerosas referencias que encontramos nas crónicas de viaxeiros ou nos decretos reais, onde aparece frecuentemente como obxecto de regalo e ofrenda entre reis e mandatarios, ou como adorno nas rúas e prazas por onde pasaba a comitiva real nas ocasións de celebracións como vodas ou proclamacións. Numerosas son tamén as referencias literarias en distintas épocas. Así o famoso pasaxe das arcas do Cid, “...cubiertas de guadamecí e bien enclavadas, los guadamecíes vermeyos e los clavos bien dorados”, ou a cita de Cervantes no *Quixote*, “alojáronle en una sala baja, a quien

servían de guadamecíes unas sargas viejas, pintadas, como se usan en las aldeas”.

Dende o punto de vista artístico, o seu repertorio ornamental reflicte os temas de moda desenvolvidos nos tecidos, ós que substitúe na súa función. Se nun principio, o guadamecí copia as ornamentacións de lacería dos de fabricación musulmana e mudéjar, no século XVI pasarán a facerse imitacións de brocado e decoracións de tipo plateresco con medallóns, cenefas, escudos, pilastras, etc, e xa máis tarde a recargarse con motivos de estirpe barroca e rococó, de inspiración francesa. Tampouco faltan exemplares que afastándose do habitual se achegan máis a arte da pintura, da que son exemplos algúns retratos, e pequenos cadros de variada iconografía relixiosa e composicións figuradas, en ocasións con enmarques de mazonería, presentes en diversos retablos.

O exemplar que conserva o Museo, pertencente ós fondos da Comisión de Monumentos, é unha peza de época xa avanzada que podemos situar entre finais do século XVII e a primeira metade do século XVIII, nun momento no que a arte do guadamecí entrara xa nun lento proceso de decadencia en España, onde será paulatinamente substituído por tecidos e papeis pintados. A partir do século XVII o guadamecí foi industrializado en Flandres e perde gran parte da súa orixinalidade e beleza inicial, ó crearen pezas cun repertorio ornamental repetitivo, na que os motivos se conseguirán mediante a técnica do estampado. Desta época consérvanse un número de exemplos relativamente abondosos en distintos Museos, Catedrais e igrexas parroquiais, xeralmente fragmentos, como ó presente, dos que se descoñece o seu destino exacto, aínda que son numerosos os frontais de altar, e que poden ter a súa orixe en España ou ben na citada produción flamenga.

A peza denota un estilo claramente barroco cunha decoración acugulada de flores e follaxes pintadas nas cores máis usuais neste tipo de composicións: azul, rosa, verde e marrón; a disposición dos elementos é practicamente simétrica, destacando na parte superior a presenza de dous paxaros que peteiran froitas. A colorista decoración resalta sobre o fondo dourado que tratado con diferentes trazos xeométricos dota á obra dun rico sentido ornamental. A técnica utilizada é a do estampado que consiste na presión do coiro cunha prancha de madeira ou punzón no que previamente se gravou a decoración desexada.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-752-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

